

Aquí imos falar de palabras que sen seren galegas teñen unha adaptación á nosa fonética. Ou sexa, que baixo unha certa aparencia de forma galega, o que en realidade hai é unha palabra incorrecta.

Estas palabras, produto de interferencias alleas e que atopamos a moreas, afectan á pureza e enxebreza do galego e son en certo sentido unha ameaza para a lingua.

Vexamos algunhas que non debemos dicir: **almexa, amortaxar, mortaxa, antoxo, aparexar, parexa, baraxa, baraxar, burbuxa, concexal, conexo, lentexa, manoxo, oxal** ou **partixa**.

E cales son entón as formas correctas? Son estas:

**AMEIXA** e non almexa (tanto a froita da ameixeira coma o bivalvo)

**AMORTALLAR** e **MORTALLA** e non amortaxar e mortaxa

**ANTOLLO**, e non antoxo

**APARELLAR** e **PARELLA** e non aparexar e parexa

**BARALLAR** e **BARALLA** e non baraxar e baraxa

**BURBULLA** e non burbuxa

**CONCELLEIRO** e non concexal nin concellal

**COELLO** e non conexo

**LENTELLA** e non lentexa

**MOLLO** e non manoxo

**OLLAL** e non oxal

**PARTILLA** e non partixa

Xa que falamos de que **CONCELLEIRO** é a palabra correcta, e non *concexal* ou *concellal*, cabe lembrar que os concelleiros e concelleiras son os representantes do pobo que constitúen a Corporación do **CONCELLO**.

Non é correcto dicir **axuntamento** por **CONCELLO**. Esta si é unha palabra galega, porén non ten o significado de institución municipal senón: acción e efecto de axuntar; reunión de varias persoas; xuntanza; axuntadoiro; xuntoiro; ou tamén o máis íntimo “axuntamento carnal” .

Os concelleiros que teñen ao seu cargo algún departamento dise que ocupan unha **CONCELLARÍA**.

Hai outras palabras que se escoitan con certa frecuencia e que tampouco son correctas en galego, neste grupo de palabras non se trata de interferencias doutras linguas senón intentos de buscarlle unha forma propia diferente da castelá sen considerar que comparte co galego unha boa cantidade de léxico, ao seren as dúas linguas fillas do latín.

En galego diremos:

**BRILLAR** e **BRILLANTE** e non brilar e brillante

**GASOLINA** e non gasoliña

**OFICINA** e non oficiña

**SEMANA** e non semá ou semán

**HORIZONTE** e non hourizonte

**SINCERO** e **SINCERIDADE** e non sinceiro e sinceiridade

**PRIMAVERA** e non primaveira

**SUFICIENTE** e non suficinte

**AMBIENTE** e non ambente

**CIENCIA** e non cencia

**URBANO** e non urbán

Un caso particular é a palabra **carreteira**, palabra non correcta ao igual que **carretera**. A correcta é **ESTRADA**

Agora cómpre incorporar estas palabras correctamente ao noso vocabulario